

DOMINGO XX ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Xer 38, 4-6. 8-10

Lectura do libro do profeta Xeremías

Naquel tempo, as autoridades dixéronlle ó rei: - Fágase morrer a este home, pois deste xeito está a afrouxa-los ánimos dos homes de guerra que quedan nesta cidade e os ánimos de todo o exército, dicíndolles cousas coma estas. Certamente este home non está a busca-lo benestar para o pobo, senón que está a busca-la súa desgracia.

O rei Sedecías repúxolles: - Aí o tendes no voso poder, pois o rei non pode nada contra vós. Eles colleron a Xeremías e botárono na cisterna de Malaquías, príncipe real que estaba no patio da garda, baixando a Xeremías con cordas. No pozo non había auga, senón lama, e Xeremías enterrouse na lama. Saíu Ébed-Mélec do palacio real e faloulle ó rei nestes termos: - Meu señor, meu rei, estes homes cometeron unha inxustiza con todo o que lle fixeron a Xeremías, o profeta, e con botalo na cisterna; vai morrer onde está por falta de pan, xa que non hai pan na cidade. Entón o rei deulle esta orde a Ébed-Mélec, o etíope: - Colle ás túas ordes tres homes destes, e sube da cisterna o profeta Xeremías, antes de que morra.

SALMO RESPONSORIAL Sal 39, 2. 3. 4. 18

Esperei arelante no Señor:
el volveu cara a min os seus ollos
e escoitou o meu lamento.

Subiume dun abismo de desgracia,
dunha poza lamacentas;
Asentou os meus pés sobre unha rocha
e asegurou os meus pasos.

Púxome na boca un cantar novo,
un himno de loanza ó noso Deus.
Moitos, ó velo, quedaron abraiados
e confiaron no Señor.

Eu son humilde e pobre,
pero o Señor coida de min.
Ti e-lo meu auxilio, o meu liberador;
¡meu Deus, non te demores!

SEGUNDA LECTURA Heb 12, 1-4

Lectura da carta ós Hebreos

Irmáns: Xa que nos vemos ateigados por unha tal morea de testemuñas, soltando todo o que nos estorba e o pecado que nos aboura, corramos con tenacidade a carreira que temos por diante, fitos os ollos en Xesús, o primeiro guía e perfeccionador da nosa fe.

El, sen amedrentarse polas aldraxes, soportou a cruz por mor da ledicia que o agardaba e está sentado á dereita do trono de Deus. Fixádevos, polo tanto, naquel que veu soportando tal oposición contra si mesmo de parte dos pecadores, para que non esmoreza o voso ánimo. Aínda non resististes ata o sangue na vosa loita contra o pecado.

EVANXEO Lc 12, 49-53

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos: - ¡Lume vin traer á terra: e que máis quería eu ca que xa estivese a arder! Hanme bautizar cun bautismo e ¡xa me tarda a hora de que se cumpra! ¿Pensades que vin trae-la paz á terra? Abofé que non: vin traer división. Pois desde agora na casa onde haxa cinco, estarán divididos tres contra dous e dous contra tres. Estarán enfrontados pai con fillo e fillo con pai, nai con filla e filla con nai, sogra con nora e nora con sogra.